

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES CARLOS CASARES
CICLO: ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA
MÓDULO: EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA
DEPARTAMENTO: ECONOMÍA
DATA: 10.05.2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Preguntas e respostas de 7 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación do desenvolvemento do terceiro trimestre nas ensinanzas de Formación Profesional

ÍNDICE

1. **Avaliación e cualificación.**
2. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
3. **Información e publicidade.**

1. Avaliación e cualificación		
Actividades de recuperación e reforzo <i>RA e CA a recuperar polo alumnado con UDs pendentes</i>		Procedementos e Instrumentos
Actividades de repaso <i>Avaliación favorable para alumnado que as realiza favorablemente actividades</i>	<p>CA2.4 Apreciar a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.</p> <p>CA2. 10 Analizar os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.</p> <p>CA2. 12 Elaborar un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de marketing.</p>	<p style="text-align: center;">Procedementos</p> <p>Rexistro da puntualidade á hora de entregar as tarefas en prazo.</p> <p>Rexistro da entrega de tarefas no formato indicado.</p> <p>Participación nos grupos de traballo online e nas titorías.</p> <p style="text-align: center;">Instrumentos</p> <p>Boletíns.</p> <p>Análise e comentario de noticias, textos ou fragmentos de libros.</p>
Actividades de ampliación <i>RA e CA asociados, previstos para a 3ª avaliación, que sexan imprescindibles</i>	<p>RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.</p> <p>CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo,</p>	<p style="text-align: center;">Procedementos</p> <p>Rexistro da puntualidade á hora de entregar as tarefas en prazo.</p> <p>Rexistro da entrega de tarefas no formato indicado.</p> <p>Participación nos grupos de traballo online e nas titorías.</p>

	<p>pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</p> <p>CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.</p>	<p><i>Instrumentos</i></p> <p>Proxecto empresarial.</p>
<p>Cualificación final</p>	<p>Obterase calculando a media aritmética das notas acadadas nas dúas primeiras avaliacións, podendo mellorarse co traballo desempeñado por o alumnado na terceira avaliación. Este traballo valorarase positivamente do seguinte xeito:</p> <ol style="list-style-type: none"> a. Entrega de tódalas tarefas en prazo e forma: sumáselle 1 punto á media aritmética das dúas primeiras avaliacións. b. Entrega parte das tarefas, ou non as entrega en prazo e/ou forma: súmaselle a puntuación das tarefas entregadas en prazo e forma, tendo en conta o peso que representen sobre o total das actividades. c. Non entrega ningunha tarefa: mantense a nota obtida co cálculo da media aritmética das dúas primeiras avaliacións. <p>A cualificación final calcularase facendo o redondeo ás unidades.</p> <p>Aquel alumnado que non supere a materia, deberá realizar un traballo sobre aqueles contidos teóricos e prácticos non superados durante a etapa presencial do curso académico 2019-20.</p> <p>Todo alumno que supere o límite de faltas de asistencia do 10% das horas totais do módulo, establecido legalmente, perderá o dereito a avaliación continua, e deberá presentarse, para superar ó módulo a unha proba extraordinaria de avaliación despois da avaliación final de módulos onde se examine de tódolos contidos vistos ó longo do curso.</p>	

2. Metodoloxía e actividades 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Exercicios prácticos e teóricos. Lectura e comprensión de noticias, textos ou fragmentos de libros. Boletíns. Proxecto empresarial.</p> <p>Todas as actividades serán enviadas ó alumnado a súa dirección de correo electrónico (proporcionada na súa matrícula).</p>
Metodoloxía	<p>Debido ás características do grupo (reducido – so seis alumnas), e ás circunstancias excepcionais impostas por a crise do Covid19, traballarase maioritariamente de <u>xeito individual</u> (resolución de boletíns de exercicios, procura de información, elaboración de traballos de investigación).</p> <p>Usar a través dos grupos online de traballo o <u>debate e a discusión</u> de ideas como maneira de aprender e outra das metodoloxías usadas, incidindo nas competencias sociais e cívicas, de comunicación e de iniciativa.</p> <p>Pídese recoller, en clave metodolóxica os traballos de investigación e elaboración propia en <u>formato dixital</u>. En concreto se pedirá ó alumnado a elaboración dos traballos cun editor de textos e o seu envío a unha dirección de email da profesora creada a tal efecto. Nos casos pertinentes usaranse programas a maiores do editor de texto, como follas de cálculo, programas de presentación de diapositivas. Isto ten como obxectivo que se afiancen as habilidades en relación coa competencia dixital.</p> <p>Tamén se creou un perfil de Instagram para compartir recursos vencellados á materia e plantexar actividades dun xeito mais lúdico. A través do mesmo, tamén poden consultar as dúbidas que teñan dun xeito mais próximo.</p> <p>Analizar <u>prensa económica, libros ou fragmentos de vídeos</u> relacionados coa materia.</p> <p>Ligar a información proporcionada e os contidos da materia á contorna do alumnado axuda ó seu desenvolvemento cultural, á capacidade de iniciativa e emprendemento sobre o seu propio medio para transformalo e a valorar a cultura propia e alleas.</p>

<p>Materiais e recursos</p>	<p>Material impreso: prestarase especial importancia a que estes materiais sexan comprensibles e acordes co nivel do alumnado. A profesora proporciona os apuntamentos e os boletíns de exercicios, actividades e material informático para seguir os contidos e conseguir os obxectivos. Empregaranse artigos, tanto de prensa xeral como especializada, libros de lectura relacionados coa temática da programación.</p> <p>Medios audiovisuais: utilizaranse presentacións en Powerpoint para reforzar as explicacións. O vídeo será un elemento de apoio moi importante neste novo contexto, para reforzar as explicacións. Empregaránse vídeos inéditos e/ou enlaces a outros recursos gratuítos dipoñibles.</p> <p>Novas tecnoloxías: este novo contexto fai que sexa un elemento imprescindible para a continuidade do curso escolar, tanto para manter a comunicación co alumnado como para que este poda realizar as súas tarefas.</p>
------------------------------------	--

3. Información e publicidade

Información ao alumnado	Ó alumnado será informado das modificacións na programación da materia de Empresa e Iniciativa emprendedora mediante o envío a súa dirección de correo electrónico (proporcionada na súa matrícula) deste documento.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro